



Orixe:

Sección de Benestar Social e Igualdade

Destino:

Mesa de Contratación EXP0035SE19ABO

Silvia García López, en calidade de xefa da sección de Benestar Social e Igualdade, expón:

1.- ANTECEDENTES:

Na mesa de contratación celebrada o 21.11.2019, procedeuse a apertura do sobre A e Sobre B da licitación aberta para a “contratación de servizo de teleasistencia domiciliaria pola Deputación de Lugo” EXP0035SE19ABO, á que se presentaron as seguintes entidades licitadoras:

1. EULEN SERVICIOS SOCIOANITARIOS, (EULEN) A79022299
2. SACYR SOCIAL, S.L., (SACYR SOCIAL)B85621159
3. QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U. (DOMUS VI) A80106842
4. CLECE, S.A., (CLECE) A80364243
5. SERVICIOS DE TELEASISTENCIA, S.A, (ATENZIA) A80495864
6. ILUNION SOCIOANITARIO, S.A. (ILUNION) A82438995
7. CRUZ ROJA ESPAÑOLA (CRUZ ROJA) Q2866001G

A mesa de contratación acordou que se proceda a avaliación dos criterios de adxudicación non avaliábles automaticamente mediante fórmulas matemáticas, presentando por todas as licitadoras, isto é as ofertas técnicas

2.-DESIGNACIÓN DOS EMPREGADOS PÚBLICOS PARA VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN SOBRE B:

A petición da mesa de contratación designase para as funcións de asistencia á mesma á xefa da sección de Benestar Social e Igualdade, Silvia García López, en atención aos seus coñecementos e experiencia en servizos sociais.

3.-VALORACIÓN:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR	PUNTUACIÓN	PONDERACIÓN
1. Calidade técnica da proposta para as prestacións contratadas	0 - 35	0 – 35%
1.1- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle do modelo proposto: Definición e descrición do modelo prestacional: adaptación da proposta ás necesidades específicas das persoas usuarias do servizo de teleasistencia da provincia de Lugo.	0-12	0 – 12 %



CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR	PUNTUACIÓN	PONDERACIÓN
1.2.- Organización, descripción e planificación da prestación: Incluirá a relación dos medios persoais e materiais adscritos a execución do contrato, a proposta de funcionamento e de xestión do servizo, con indicación dos procedementos a desenvolver. Explicación e definición das actuacións que levará a cabo o contratista para desenvolver adecuadamente as prestacións contratadas; estratexias de entrada á realización da prestación e saída da mesma; actuacións e medidas para garantir a autonomía das persoas usuarias.	0-12	0 – 12 %
1.3.- Calidade prestacional: Actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións contratadas. Avaliarase a implantación das novas tecnoloxías e solucións que redunden na calidade prestacional e que non estean ofertadas por outras administracións públicas na provincia de Lugo	0-11	0 – 11 %
2. Compromiso de aplicación de medidas de conciliación entre a vida persoal e familiar coa laboral.	0 - 3	0 – 3 %
2.1 - Melloras sobre os dereitos da traballadora embarazada (realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto na xornada laboral, adaptación de condicións de traballo, asignación de postos compatibles co estado de embarazo).	0 – 0,5	0 – 0,5 %
2.2 – Melloras sobre os permisos de paternidade ou maternidade	0 – 0,5	0 – 0,5 %
2.3 - Existencia de cheque servizo ou acceso a recursos que faciliten a atención de menores ou persoas dependentes	0 – 0,5	0 – 0,5 %
2.4 - Melloras sobre a redución de xornada, excedencias.	0 – 0,5	0 – 0,5 %
2.5 - Medidas de flexibilizan, adaptación ou reasignación de servizos e horarios.	0 - 1	0 – 1%
TOTAL	0-38	0 – 38%

Para a avaliación dos criterios relativos á calidade técnica da proposta para as prestacións contratadas valorarase o detalle, calidade expositiva, a coherencia das actuacións, medidas e procedementos propostos co modelo ofertado e coa propia realidade do servizo de teleasistencia no fogar da Deputación de Lugo, así como, a súa viabilidade e adecuación na implantación das actuacións, propostas, etc. Terase en conta para a avaliación a calidade das prestacións, así como a súa repercusión nas persoas usuarias da provincia de Lugo e a expresión dos métodos de control e seguimento, tal e como establecen os PCAP do EXP0035SE19ABO.

Para a avaliación dos criterios de compromiso de aplicación de medidas de conciliación entre a vida persoal e familiar coa laboral, valorarase o compromiso detallado e expreso da licitadora da aplicación efectiva de medidas concretas de conciliación entre a vida persoal, familiar e as obrigas laborais para o persoal que execute as prestacións contratadas e que melloren os mínimos establecidos no Estatuto dos Traballadores, a Lei 39/1999, de 5 de novembro para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras, a Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de homes e mulleres e os convenios colectivos de aplicación. Só se valorarán aquelas medidas concretas que sexan de aplicación efectiva ao persoal adscrito á execución das prestacións contractuais e que melloren os mínimos obrigatoriamente establecidos, na normativa vixente aplicable na materia, tal e como establecen os PCAP do EXP0035SE19ABO.

En todo caso, as ofertas técnicas deberán cumprir, ser coherentes e ser compatibles cos PPT, PCAP do EXP0035SE19ABO, así como, coa normativa de aplicación na prestación do Servizo de Teleasistencia da Deputación de Lugo, co especial mención á Ordenanza do Servizo de Teleasistencia Social no Fogar da Deputación de Lugo (BOP de Lugo, núm.204, do 05.09.2016).



Non se considerarán melloras todas aquelas prestacións, actividades, actuacións, etc., que non se atopen dentro do obxecto do contrato, o cal consta definido na cláusula segunda do PCAP e na cláusula segunda dos PPT.

Tomaranse a efectos da valoración das ofertas presentadas polas licitadores os seguintes criterios:

- Moi detallado e en coherencia co modelo prestacional e os PPT: puntuación máxima
- Pouco detallado ou xenérico: puntuación proporcional.
- Deficiente ou non detallado: 0 puntos

4- ANALISE COMPARATIVO (ASPECTOS RELEVANTES EN ESQUEMA)

1. Calidade técnica da proposta para as prestacións contratadas

1.1- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle do modelo proposto	1.2.- Organización, descrición e planificación da prestación:	1.3.- Calidade prestacional: Actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións contratadas.
A79022299 EULEN	EULEN	EULEN
<p>A contextualización que realiza a licitadora é correcta a nivel normativo, pero non é concreto en relación á situación actual da sociodemografía da provincia de Lugo. Poderíase aplicar o sinalado a maioría das provincias de España (páx. 1 e ss.), faltaría unha maior aproximación e adaptación á realidade da provincia de Lugo en xeral e ás posibles persoas usuarias do servizo de teleasistencia da Deputación en particular.</p> <p>Así mesmo, non detalla nin concreta variables de gran impacto no desenvolvemento da prestación do servizo, como a orografía, climatoloxía, dispersión da poboación, infraestruturas provincias, etc.</p> <p>Valórase como positivo a distribución proposta (páx. 5 e ss.), aínda que esta non se realiza atendendo aos criterios citados no parágrafo anterior, así como tampouco a criterios socioculturais (CONFIDENCIAL).</p> <p>Presenta un modelo de atención que se avalía positivamente, resaltando o recollido na páx. 8 (CONFIDENCIAL),.</p> <p>En conclusión: a coherencia, racionalidade, estrutura e detalle do modelo proposto é aceptable, sendo moi sinxela a definición do mesmo, así como a descrición do modelo prestacional, o cal parece non estar deseñado exproceso, e polo tanto, suficientemente adaptado ás necesidades específicas das persoas usuarias do servizo de teleasistencia da provincia de Lugo</p>	<p>O modelo de organización (CONFIDENCIAL), presenta unha ofertas de recursos humanos axustados aos PPT, aínda que sería preciso detallar a dedicación exclusiva ao servizo de Teleasistencia obxecto desta licitación, ou a imputación da xornada laboral dalgúns perfís profesionais (páx.12). Non é igual a dispoñibilidade que a exclusividade da dedicación ao servizo, máxime se a persoa que ocupa o posto debe realizar outras funcións para outros servizos.</p> <p>Por outra banda, non se especifican as horas ofertadas de outros profesionais (páx. 16 e ss.), nin a imputación da súa carga de traballo, sinalando que colaborarán ou estarán a disposición.</p> <p>En relación aos recursos materias (CONFIDENCIAL), sede/s, etc. nalgún caso non vai acompañado explicitamente do persoal que tería que darlle cobertura ou cando menos non e coherente (páx. 18, páx. 39, etc.)</p> <p>A coordinación entre a posible adjudicataria e a Deputación (CONFIDENCIAL), descrita avalíase moi positivamente, sendo sinxela e clara, aínda que as frecuencias dalgunhas accións parecen inviábles para ser reais (páx. 30 e ss.)</p> <p>En relación aos medios materiais (CONFIDENCIAL), avalíanse en xeral positivamente, cumprindo os mínimos establecidos nos PPT</p> <p>Os medios técnicos e tecnolóxicos ofertados (páx. 19 e ss.) e avaliado moi positivamente polas posibilidades que a mesma manifesta presentar</p>	<p>O plan integral de calidade (CONFIDENCIAL), presentado pola licitadora avalíase como moi favorable (páx. 41 e ss.). Recóllense indicadores de traballo reais, sinxelos e de gran contido informativo para a xestión, ademais de accesibles para a Administración.</p> <p>A licitadora presenta unha serie de solucións (páx. 47 e ss.) en aras de mellorar a calidade prestacional (CONFIDENCIAL). Non obstante non se avalían como melloras tecnoloxías e solucións que redunden na calidade prestacional e que estean ofertadas por outras administracións públicas na provincia de Lugo.</p> <p>Lembrárase neste punto que non se avalían actuacións que non sexan obxecto da presente contratación (páx. 49).</p> <p>En conclusión a calidade prestacional presentada con indicación das actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións e avaliada como correcta, ao abeiro dos PPT.</p>
Valórase cun 7 este apartado.		
Valórase este criterio cun 6.		



1. Calidade técnica da proposta para as prestacións contratadas

1.1.- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle do modelo proposto

1.2.- Organización, descrición e planificación da prestación:

1.3.- Calidade prestacional: Actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións contratadas.

Os protocolos sinalados na memoria, recollen melloras na execución da prestación do servizo respecto dos PPT, valorando os mesmos como positivos.

A proposta de funcionamento e xestión (CONFIDENCIAL) avalíase en liña xeral positivamente e coherente co modelo prestacional.

A estratexia de entrada e saída (CONFIDENCIAL) avalíase positivamente (páx. 38 e 39), garantindo a continuidade do servizo, cunhas actuacións axeitadamente propostas e detalladas.

En relación ás actuacións e medidas para garantir a autonomía das persoas usuarias, aínda que son actuacións interesantes, non son propias dun servizo de teleasistencia. En todo caso faltaría detalle, concrecións, etc.

En conclusión a organización, descrición e planificación da prestación descrita na memoria, incluíndo os medios persoais e materiais adscritos a execución do contrato é correcta.

A proposta de funcionamento e de xestión do servizo, con indicación dos procedementos a desenvolver avalíase satisfactoriamente, mellorando aspectos dos PPT

En relación as estratexias de entrada á realización da prestación e saída da mesma é a parte máis adaptada á realidade do servizo.

Por último en relacións as actuacións e medidas para garantir a autonomía das persoas usuarias, tal e como se detallan non son tidas en conta como máis adaptadas á realidade do servizo.

Valórase este criterio cun 8

**B85621159
SACYR
SOCIAL**

SACYR SOCIAL

SACYR SOCIAL

SACYR SOCIAL

A entidade licitadora realiza unha fundamentación baseada en datos poboacionais e estatísticos a nivel autonómico, (CONFIDENCIAL) reflectindo os datos a nivel provincial de maneira puntual (páx. 3 e ss.).

A memoria fai referencia á orografía e á climatoloxía a nivel autonómico, facendo mención ás características da provincia de Lugo de maneira residual, e en ocasións sen especificar sucesos meteorolóxicos que poden ser frecuentes que poden condicionar a prestación do servizo de

A entidade licitadora (páx. 7), non reflexa dunha maneira clara o perfil profesional nin as funcións concretas e específicas a desenvolver por ningún profesional proposto (CONFIDENCIAL).

Cabe destacar, da mesma maneira que non se reflexa o tipo de titulación, experiencia previa en teleasistencia de ningún medio persoal de atención directa adscrito ao contrato, así como tampouco das persoas responsables do servizo. Non se reflexa a dedicación exclusiva a disposición para o contrato.

Non se considera obxecto do contrato melloras presentadas (CONFIDENCIAL) e polo tanto non son tidas en conta o referido a diversas propostas de realización de certas actuacións (páx. 40 e ss.).

Non relativo á proposta de solucións que redunden na mellora da calidade prestacional e que non estean ofertadas por outras administracións, (CONFIDENCIAL) non se considera obxecto do contrato algunhas das ofertadas.



1. Calidade técnica da proposta para as prestacións contratadas

1.1.- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle do modelo proposto

teleasistencia é que se consideran variables básicas para ter en conta na prestación do servizo.

Valórase como positivo a distribución proposta (páx. 5 e ss.), aínda que esta non se realiza atendendo a criterios de orografía do terreo, así como tampouco a criterios socioculturais.

A entidade adjudicataria realiza unha exposición de necesidades e nomea unha serie de actuacións ou programas a poñer en marcha, pero non se concreta a nivel metodolóxico como se levaría a cabo. Destacando que nos protocolos presentados, tampouco se ofrece unha metodoloxía para emendar o apartado anterior (páx. 6).

En conclusión: a coherencia, racionalidade, estrutura e detalle do modelo proposto é aceptable. Presentando unha definición e descrición do modelo prestacional que en liñas xerais axustaríase a realidade do servizo.

A adaptación da proposta ás necesidades específicas das persoas usuarias do servizo de teleasistencia da provincia de Lugo e escasa.

Valórase este criterio cun 7

1.2.- Organización, descrición e planificación da prestación:

(páx. 7) Valórase como mellora que a entidade licitadora en relación ao reflectido en canto a certificación dun criterios de relevancia (CONFIDENCIAL).

A entidade licitadora presenta un equipamento de xestión de software (CONFIDENCIAL) válido, así como as características técnicas da terminal de teleasistencia, unidades de control remoto e UCR acorde aos esixido.

A entidade licitadora nomea dispositivos periféricos que se consideran útiles e cumpre co establecido nos PPT.

Valórase como positivo a posta a disposición de vehículos (CONFIDENCIAL), aínda que estes non sexan os máis adaptados tendo en conta as características de relevo montañoso.

No relativo ao procedemento a desenvolver e a explicación e definición das actuacións (páx. 18) destacar que non se recolle o establecido nos PPT, no seu punto 6.2. Tampouco se cumpre neste punto 11, sendo incoherente coa filosofía amosada na páxina 7 (CONFIDENCIAL).

En canto ás comunicacións bidireccionais propostas (CONFIDENCIAL), pola entidade licitadora axústase ao mínimo esixido nos PPT, non ofertando ningunha mellora avaliable en canto ao establecemento de novas comunicacións, agás no relativo a periodicidade do seguimento (páx. 20).

Valórase como mellora os prazos de instalación do terminal (páx. 17), así como, o establecido para as visitas de seguimento (páx. 21).

Na memoria presentada pola licitadora noméase a Atención Centrada na Persoa, pero non se especifica de que maneira se vai levar a cabo en todo o proceso de prestación do servizo.

En canto ao soporte técnico, a licitadora axústase aos PPT.

Valórase como positivo a coordinación desenvolta pola entidade licitadora (páx. 23 e ss.)

En relación ás estratexias de entrada (CONFIDENCIAL), á realización da prestación e saída da mesma, a licitadora axústase aos requirimentos dos PPT, cabendo destacar no relativo ao prazo para a posta en marcha (páx. 31) que o especificado como días, no caso de que se supoñan hábiles, pode incumplir o establecido nos PPT, sendo estes superiores ao requirido.

1.3.- Calidade prestacional: Actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións contratadas.

Valórase como positivo un programa ra dar cobertura a unhas necesidades específicas (páx. 42), aínda que non se especifica nos medios persoais o número de profesionais que acrediten os coñecementos necesarios para levalos a cabo.

No apartado de novas tecnoloxías e solucións destinadas á mellora da seguridade e o benestar (CONFIDENCIAL), valórase como positivo os equipamentos propostos na páxinas 43, 44 e 45. Agás as novas tecnoloxías que se nutren de datos médicos das persoas usuarias, pois a licitadora non pon a disposición persoal titulado médico (nin en exclusiva para o contrato, nin especifica as horas nas que este podería figurar) para a análise dos mesmos nin para o seguimento das persoas usuarias.

Da mesma maneira, non se valoran os programas (páx. 44 e ss), equipamentos dos que a entidade licitadora conta na provincia de Lugo e que veñen derivados de outros contratos con outras administracións, xa que nestes non se especifica unha vinculación real e efectiva para a licitación obxecto de avaliación.

Valórase como positivo os diferentes certificados de calidade propostos (CONFIDENCIAL).

En conclusión a calidade prestacional presentada con indicación das actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións e avaliada como correcta, ao abeiro dos PPT.

Valórase cun 7 este apartado.



1. Calidade técnica da proposta para as prestacións contratadas

1.1.- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle do modelo proposto

1.2.- Organización, descrición e planificación da prestación:

1.3.- Calidade prestacional: Actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións contratadas.

En relación ás actuacións e medidas para garantir a autonomía das persoas usuarias (páx. 32) se presenta unha serie de programas que non son obxecto do contrato, non podendo avaliar as mesmas. (CONFIDENCIAL).

No relativo a programas establecidos na páxina 39 (CONFIDENCIAL) a licitadora cumpre co establecido na documentación técnica.

En conclusión a organización, descrición e planificación da prestación descrita na memoria, incluíndo os medios persoais e materiais adscritos a execución do contrato é correcta.

A proposta de funcionamento e de xestión do servizo, con indicación dos procedemento a desenvolver avalíase positivamente.

En relación as estratexias de entrada á realización da prestación e saída sería correcta, aínda pendente de matizar certos aspectos.

Por último en relacións as actuacións e medidas para garantir a autonomía das persoas usuarias as achegadas non son obxecto do contrato ou non están sucintamente detalladas.

Valórase este criterio cun 8

**A80106842
DOMUS VI**

DOMUS VI

DOMUS VI

DOMUS VI

A licitadora fai unha boa descrición da realidade sociodemográfica da provincia de Lugo en xeral, faltando concreción sobre o perfil das persoas que puideran ser usuarias da teleasistencia (páx. 1 e ss.).

Expresan un modelo (páx. 4 e ss.), baseado na diferenciación en canto as persoas usuarias e as súas necesidades particulares, non obstante, certas prestacións, non quedan claramente detalladas de como poderá garantirse ou realizarse tal prestación (CONFIDENCIAL).

Faltaría a descrición e detalle de variables significativas a ter en conta na execución do servizo, por cuestión orográficas, de infraestruturas, sociais propios e exclusivos da provincia de Lugo e que afectan directamente no desenvolvemento diario.

Conclúese que a memoria presenta unha boa coherencia, racionalidade así como, estrutura do modelo proposto, non sendo o nivel de detalle suficiente para poder avaliar

O modelo de organización (CONFIDENCIAL), presenta una baleiro na concreción dos recursos materias e certos recursos humanos, xa que se detallan, pero non se indica expresamente a dedicación exclusiva ao servizo de teleasistencia obxecto desta licitación, ou a imputación da xornada laboral (páx. 6 e ss.) dalgún deles: lembrar que non é igual a dispoñibilidade que a exclusividade da dedicación ao servizo, máxime se a persoa que ocupa o posto debe realizar outras funcións para outros servizos.

(CONFIDENCIAL) A/s sede/s que amosa/n non leva implícito un persoal determinado, ou cando menos non se especifica cantas persoas van estar en exclusiva nesas localizacións, ou canta imputación da xornada dese persoal vai a estar designado.

A coordinación entre a posible adjudicataria e a Deputación expresada avalíase positivamente.

A licitadora presenta un sistema de calidade (páx. 35 e ss.) que se avalía positivamente, así como, a mellora en relación cun compromiso de obtención dunha certificación. Describen un sistema de avaliación que parece viable e concreto.

En relación á implantación de novas tecnoloxías (páx. 41 e ss.) que redunden unha maior calidade de calidade asistencial avalíanse en xeral (CONFIDENCIAL) moi positivos, aínda que salienta que algúns deles non sería clara a súa implantación e viabilidade dado o perfil das usuarias, polo que estas non se avaliarán como melloras que sexan realistas.

Lembrar que non se avalían como melloras tecnoloxías e solucións que redunden na calidade prestacional e que non estean ofertadas por outras administracións públicas na provincia de Lugo.



1. Calidade técnica da proposta para as prestacións contratadas

1.1- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle do modelo proposto

certas propostas, isto é para poder valorar si é viable e executable. A definición e descrición do modelo prestacional é concreto, queda reflectida o perfil das persoas maiores de provincia de Lugo, non estando especificado no perfil e as necesidades específicas das persoas usuarias do servizo de teleasistencia da provincia de Lugo.

Valorase cun 8 este apartado.

1.2.- Organización, descrición e planificación da prestación:

En relación aos medios persoas adscritos (CONFIDENCIAL) amósanse diferentes recursos pero non se especifica a dedicación ao contrato obxecto da licitación, (páx. 9), e para outras categorías non se indica onde terán o posto de traballo ou onde será a súa localización. Non queda expresado si os postos serán cunha imputación do 100% a este contrato ou serán recursos compartidos con outros servizos e polo tanto o volume de usuarias que terían que atender, falase de dispoñibilidade pero non de dedicación exclusiva ao contrato.

Por outra banda, si se específica as horas ofertadas de outros profesionais (páx. 11), sendo avaliado positivamente, así como a previsión da substitución de diverso persoal CONFIDENCIAL (páx. 12).

En relación aos medios materiais avalíanse en xeral moi positivamente, cumprindo os mínimos establecidos nos PPT con melloras (CONFIDENCIAL).

A plataforma e software de xestión (páx. 19 e ss.) e avaliado positivamente polas posibilidades que a mesma manifesta presentar e poñer a disposición da Administración (CONFIDENCIAL)..

En relación ao traspaso migración, salienta a mellora na minoración do tempo establecido nos PPT (páx. 24)

A proposta de funcionamento e xestión (CONFIDENCIAL) avalíase positivamente en liñas xerais, co especial mención a mellora respecto da minoración dos prazos(páx. 26).

A licitadora fai mención da sinatura dun documento por parte da usuaria, que non é procedente, segundo a ordenanza vixente deste servizo (páx.28)

En relación ao proceso de atención (CONFIDENCIAL), avalíase positivamente, non obstante quedan baleiras algunhas cuestións que non se concretan, quedando abertas sen definir (páx. 29)

A licitadora propón unha serie de actuacións a nivel individual (páx. 31) que se avalían positivamente, pero a explicación é escasa e non permite detallar o como e polo tanto a súa viabilidade e funcionalidade.

As actividades a nivel grupal propostas (CONFIDENCIAL), considéranse moi interesantes como actividades pero non realistas nin viables tendo en conta o perfil de persoas usuarias do servizo de Teleasistencia da Deputación de Lugo a día

1.3.- Calidade prestacional: Actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións contratadas.

En conclusión, en relación á calidade prestacional a licitadora presenta unhas boas actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións a contratar.

Valorase cun 8 este apartado.



1. Calidade técnica da proposta para as prestacións contratadas

1.1.- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle do modelo proposto

1.2.- Organización, descrición e planificación da prestación:

1.3.- Calidade prestacional: Actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións contratadas.

de hoxe, nin do perfil das posibles usuarias futuras (páx. 33 e ss.). Salientar que ademais non son obxecto do contrato, nin poden ser avaliadas como posibles melloras.

Conclúese que na memoria presenta unha organización, descrición e planificación da prestación, correcta, na que se engaden os medios persoais e materiais adscritos a execución do contrato, sen deixar claro a imputación e dedicacións exclusivas nalgúns casos dos mesmos.

A proposta de funcionamento e de xestión do servizo, con indicación dos procedemento a desenvolver e moi satisfactoria, non tendo en conta certas melloras ofertadas que non se consideran obxecto de contrato, como no caso de actuacións e medidas para garantir a autonomía das persoas usuarias

As estratexias de entrada á realización da prestación e saída da mesma avalíanse positivamente mellorando o establecido nos PPT.

Valórase cun 9 este apartado.

A80364243
CLECE

CLECE

CLECE

CLECE

A entidade licitadora establece, que o servizo se desenvolverá nos municipios da provincia de Lugo de menos de 20.000 habitantes (páx. 3), non contemplando aquelas persoas beneficiarias do servizo residentes no municipio de Lugo, con recoñecemento do dereito ao Servizo previa publicación da vixente Ordenanza de acceso, deixando fora un número significativo de usuarias.

A entidade licitadora indica as características poboacionais vencelladas a un perfil demográfico maioritario na nosa provincia, como é a elevada taxa de dependencia senil, e o envellecemento poboacional (características extensibles a outras provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, por exemplo Ourense). Si indica un perfil concreto de persoa usuaria.

Non se fai referencia na memoria presentada ás características territoriais, e sobre todo das características da orografía, nin certas infraestruturas de gran relevancia a ter en conta para o correcto funcionamento do servizo.

Ao respecto das características meteorolóxicas, faise mención na páxina 4 da memoria, ás tormentas eléctricas, procurándose unha solución mediante a instalación de certos terminais, pero non se

Neste apartado a licitadora establece o procedementos e un plan de traballo acorde coa Ordenanza do Servizo, así como o seguimento dos terminais/dispositivos e co prazo indicado para as altas urxentes, cumprindo o establecido nos PPT (páx. 13 e ss.).

Estímase que non queda suficientemente acreditado na memoria certos requisitos das actuacións non sendo recollidas tampouco nos protocolos de xeito relevantes como que as comunicacións se realicen en idioma galego, etc., aspecto contemplado como obrigatorio nos PPT.

Valórase favorablemente que a Deputación de Lugo poida definir outra periodicidade distinta para a comprobación do bo funcionamento dos terminais, (distinto aos 15 días indicados nos PPT) sen embargo non se especifica a periodicidade das comprobacións realizadas polo persoal coordinador e os técnicos/as nas visitas domiciliarias ás persoas usuarias, enquisas de satisfacción e entrevistas persoas.

Non se valoran como melloras outros aspectos que se amosan como melloras pero que son requisitos dos PPT: chamadas de seguimento periódico telefónico cada 15 ou a reposición, substitución de terminais, etc. (páx. 14 e

Valórase que a instalación de terminais específicos (CONFIDENCIAL), supoñen unha garantía do funcionamento do Servizo. páx. 46 e anteriores.

Se ben, as medidas ofertadas na páxina 46, son avaliadas favorablemente, aínda que faltaría establecer un maior detalle sobre o procedemento xa que:

1. Non se especifica de xeito claro e medible os indicadores cualitativos ou cuantitativos para determinar a situación indicada.
2. Non se especifica quen posúe a potestade para decidir ou valorar quen se atopa na mesma.

No indicado no punto 3.1.2 (CONFIDENCIAL), estímase que as medidas propostas son favorables e polo tanto valórase como melloras.

Estímase favorablemente os controis de calidade indicados ao longo da memoria, como enquisas, etc.

Non se avalían como melloras tecnoloxías e solucións que redunden na calidade prestacional e que non estean ofertadas por outras administracións públicas na provincia de Lugo.

En conclusión, en relación á calidade



1. Calidade técnica da proposta para as prestacións contratadas

1.1.- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle do modelo proposto

indican outras casuísticas meteorolóxicas como son as nevadas, inundacións, illamentos, que poden supoñer un impedimento para a prestación do servizo.

Valórase favorablemente o establecemento xunto coa/s persoa/s usuarias dunha historia de vida, pero non supón coma unha mellora a asignación dun/unha como profesional de referencia, indicado este requisito na páxina 28 dos PPT.

No relativo as dimensións da capacidade (páx. 6) indica da disposición dun tipo de informe, sen embargo non se valora isto como unha mellora, xa que o documento non é requirido, con carácter xeral, para o acceso ao Servizo na Ordenanza aprobada a tal efecto, indicando no artigo 16 da mesma

Estímase de xeito favorable a elaboración descrita nas páxinas 6 e 7, valorándose que o proposto contempla aspectos fundamentais para unha correcta prestación do servizo tendo en conta unha concepción holística da realidade social da unidade convivencial.

Respecto ao establecido no punto 1.1.4 contéplase favorablemente a atención personalizada. Sen embargo, indícase que se dotará ás persoas usuarias de servizos complementarios pero non se localiza na memoria a especificade de en que consistirían estes servizos nin en que situacións se implementarían, nin se poderían ser obxecto deste contrato.

A mesma reflexión é faise extensible a realización de actuacións tendentes a potenciar o autocoidado, a independencia e a seguridade.

Sobre o principio de Integralidad (páx. 8) indícase que se procurará un equipo altamente cualificado, mediante a motivación do cadro de persoal a través de espazos participantes, realización de reunións mensuais de coordinación, e impartición de accións formativas encamiñadas na especialización da MED (Metodoloxía de envellecemento digno), aspectos que se estiman favorables e se contemplan como mellora para o bo funcionamento do Servizo.

Valórase favorablemente a creación dun Comité (páx. 8), aínda que sería froito de reflexión as competencias de cada un dos compoñentes do mesmo.

Existan certas posibles melloras, das cales a falta de concreción sobre o procedemento, implantación e outros detalles impiden a avaliación sobre a repercusión que das medidas podería ter nas persoas usuarias,

1.2.- Organización, descrición e planificación da prestación:

ss.).

Sobre a realización de charlas divulgativas (páx. 19), non é posible valorar este aspecto como mellora xa que non se ofrece un dato cuantitativo sobre as que se realizarán durante a vixencia do contrato.

Sobre o indicado na "axenda de información", considerase que a aplicación da mesma non reflicte o establecido na ordenanza para o acceso ao servizo, xa que a mesma establece que son os servizos sociais comunitarios básicos quen valorarán as demandas, non podendo ser estas realizadas directamente a empresa prestadora.

Existen varias propostas que non son avaliadas como melloras, por non ser concretas, non estar cuantificadas, non estra claros os obxectivos ou os procedementos: comisión de reclamacións, equipo de apoio transversal, etc.

Ao respecto do indicado sobre a dispoñibilidade dun Departamento de RRHH, cun Servizo Xurídico especializado en Violencia de Xénero que asesorará ao persoal ante calquera consulta, non se ten en conta esta medida como mellora, xa que non é obxecto do contrato, existindo a día de hoxe unha prestación de análogas características do cal colabora a Deputación de Lugo (páx. 24).

No tocante a relación de medios humanos, estímase como mellora o compromiso de contratación, no caso de ser preciso ampliar a cadro de persoal, que o 100% destas contratacións farase con persoas en desvantaxe ou en situación de risco de exclusión social, atendendo aos colectivos indicados pola empresa licitadora na páx. 25.

Avaliase favorablemente a disposición para a Deputación dun módulo de reporting (páx. 29) con acceso inmediato para posibilitar un acceso inmediato a información de persoas usuarias do servizo.

Estímase que o indicado na estratexia de entrada (CONFIDENCIAL) cumpre o establecido nos PPT, para a correcta prestación e continuidade do Servizo (páx. 40).

Ao respecto das medidas ofertadas no apartado 2.5. (páx. 43), na primeira medida non se considera mellora xa que na Ordenanza establécese a súa obrigatoriedade. Ao respecto da seguinte medida, non se indica o persoal con coñecementos específicos para a súa posta

1.3.- Calidade prestacional: Actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións contratadas.

prestacional a licitadora presenta unhas boas e axeitadas actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións a contratar.

Valórase cun 8 este apartado.

**1. Calidade técnica da proposta para as prestacións contratadas****1.1.- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle do modelo proposto****1.2.- Organización, descrición e planificación da prestación:****1.3.- Calidade prestacional: Actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións contratadas.**

sendo presentadas máis como ideas xerais (páx. 10, etc.)

Ao respecto de informar, sensibilizar e implicar a todo o persoal do TAD sobre o seu papel fundamental no contido da intervención en persoas en situación de vulnerabilidade, considérase unha medida óptima para dotar de contexto a este procedemento de intervención así como os seguimentos propostos e polo tanto unha mellora (páx. 13).

Neste apartado onde tamén se indica a coherencia da memoria, indicar que no protocolo de altas, baixas no apartado "inicio do servizo" indícase que "previo ao inicio do servizo, o usuario debe ter asinado o documento de domiciliación de pagos... (no caso das persoas que teñan que aboar contraprestación) e o contrato (no caso de clientes privados". O indicado no protocolo non se valora en coherencia coa característica de gratuidade do Servizo de Teleasistencia no Fogar, característica fundamental do mesmo.

En conclusión a coherencia, racionalidade, estrutura e detalle do modelo proposto, en liñas xerais é correcta sen esquecer erros importantes: gratuidade, persoas usuarias excluídas, etc.

A definición e descrición do modelo prestacional faise a nivel xeral, faltando nalgúns aspectos de xeito relevantes a adaptación da proposta ás necesidades específicas das persoas usuarias do servizo de teleasistencia da provincia de Lugo.

Valórase este criterio con 7

en marcha e supervisión.

Respecto a terceira medida indicada, valórase favorablemente aquela tipoloxía de chamada, coas respectivas recomendacións, salvo as que figuren nos PPT.

En conclusión a organización, descrición e planificación da prestación descrita na memoria, incluíndo os medios persoais e materiais adscritos a execución do contrato, é correcta, salientando que a licitadora presenta muchas melloras que son obxecto obrigado segundo os PPT e outras que non se poden avaliar pola falta de concrecións e determinación das mesmas.

A proposta de funcionamento e de xestión do servizo, con indicación dos procedemento a desenvolver e axeitada, salientando as mesmas observacións que as reflectidas no parágrafo anterior.

En relación as estratexias de entrada á realización da prestación e saída da mesma avalíanse positivamente.

Por último as actuacións e medidas para garantir a autonomía das persoas usuarias, algunhas das presentadas xa están recollidas nos PPT.

Valórase cun 8 este apartado.

**A80495864
ATENZIA**

ATENZIA

Presenta a licitadora unha descrición (páx. 2 e ss.) detallada concreta e real da situación sociodemográfica da provincia de Lugo, co especial mención as persoas que puideran ser usuarias deste servizo e para o cal vai dirixido.

Propón un modelo axustado a realidade das usuarias: axustado á realidade da provincia e das persoas usuarias do servizo de teleasistencia da Deputación de Lugo, amosando un coñecemento non so do territorio, das usuarias e demais condicionantes do servizo (infraestruturas, meteoroloxía, sociais, económica, etc.) co datos actualizados (páx.3 e ss.) e oficiais.

A licitadora presenta un modelo (CONFIDENCIAL) detallado, preciso, realista,

ATENZIA

A licitadora presenta unha estrutura de organización e planificación que se avalía como positiva e viable (CONFIDENCIAL), detallando unha estrutura sinxela, pero completa (páx. 15 e ss.), axustada aos PPT e presentando melloras avaliadas como favorables.

